

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3909 *Real decreto 77/2019, do 22 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite.*

O Regulamento (UE) n.º 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1308/2013 e (UE) n.º 1306/2013 no que atinxe ao réxime de axudas para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, estableceu un novo réxime para o programa de consumo de froitas e hortalizas e o programa de consumo de leite nas escolas, dotándoo dun marco xurídico e financeiro común, máis adecuado e efectivo, coa finalidade de maximizar o impacto da distribución e aumentar a eficacia da xestión dos programas escolares que se veñen desenvolvendo desde hai tempo no seo da Unión Europea.

Xunto con el, o Regulamento (UE) n.º 2016/795 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2016, que modifica o Regulamento (UE) n.º 1370/2013 polo que se establecen medidas relativas á fixación de axudas e restitucións en relación coa organización común de mercados dos produtos agrícolas, adapta as disposicións sobre a axuda para a distribución de froitas e hortalizas aos nenos e a axuda á distribución de leite e de produtos lácteos a este novo réxime de axudas.

Tendo en conta a tendencia á baixa no consumo de froitas e hortalizas frescas e de leite de consumo, os regulamentos establecen a necesidade de centrar a distribución de forma prioritaria nestes produtos, aínda que se permita, por decisión dos Estados membros, distribuír produtos transformados a base de froitas e hortalizas e outros produtos lácteos sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao, ou os produtos lácteos fermentados e bebidas a base de leite recollidos no anexo V do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/01 e (CE) n.º 1234/2007. Así mesmo, débense realizar esforzos para garantir a distribución de produtos locais e rexionais, e ás rexións menos desenvolvidas e ás rexións ultraperiféricas.

Os regulamentos, ademais de recolleren as condicións xerais relativas á selección dos solicitantes, ás medidas educativas de acompañamento e aos custos subvencionables, establecen que, para poderen participar no réxime escolar, é condición necesaria que os Estados membros establezan a súa estratexia nacional ou rexional de carácter plurianual, así como a presentación dunha solicitude de axuda da Unión Europea anualmente.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos da Unión Europea, e dado que era preciso desenvolver algúns aspectos do Regulamento (UE) 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016; do Regulamento (UE) 2016/795 do Consello, do 11 de abril de 2016; do Regulamento de execución (UE) 2017/39 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe á axuda da Unión para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, e do Regulamento delegado (UE) 2017/40 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á axuda da Unión para a subministración de froitas e hortalizas, plátanos e leite nos centros escolares e se modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, aprobouse o Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve

a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite, que estableceu as normas de desenvolvemento no relativo á axuda para a distribución nos centros escolares tanto de froitas e hortalizas como de leite e produtos lácteos, ás medidas educativas de acompañamento que apoian a dita distribución de produtos, así como ás disposicións relativas aos solicitantes, á estratexia e ás solicitudes de axuda da Unión Europea que os Estados membros deben presentar á Comisión Europea.

Posteriormente, a Comisión Europea elaborou documentos que proporcionan interpretacións e aclaracións para a correcta aplicación do programa, debido ás diversas cuestións formuladas polos Estados membros, tras o primeiro curso de aplicación dos dous plans fusionados.

Polo tanto, tras a posta en marcha do novo modelo, e á vista da experiencia adquirida na súa aplicación, cómpre introducir diversas modificacións no Real decreto 511/2017, do 22 de maio, co fin de mellorar, flexibilizar e axilizar a súa aplicación.

A principal proposta de modificación versa sobre a simplificación do procedemento para a subministración e distribución dos produtos, así como sobre a realización de medidas de acompañamento, o que redundará nunha mellora na xestión deste programa. Simplifícase a tramitación das axudas co fin de axilizalo. Así, inclúense as escolas como posibles solicitantes ordinarios e non excepcionais das axudas. Ademais, prevese que os propios axentes que realizan a subministración e distribución dos produtos poidan colaborar no desenvolvemento de medidas educativas de acompañamento. En canto aos destinatarios do financiamento, xunto ás comunidades autónomas e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cítanse tamén agora os provedores de produto ou calquera outra empresa ou entidade que autoricen as autoridades competentes nas comunidades autónomas como posibles perceptores de axudas.

Do mesmo modo, aprovéitase para operar outras modificacións en relación co deseño dos formularios e valores máximos aplicables aos produtos, o que permite novas formas para xustificar as axudas. Tamén se amplía o ámbito das posibilidades de axuda previstas; así, recóllense axudas para o transporte marítimo entre as illas, refórzanse as axudas no caso das illas Canarias, pola súa condición de rexión ultraperiférica (o que permite incrementar ata nun 25 % o valor máximo aplicable aos produtos, que se fixa segundo o anexo 11). Tamén se inclúe a posibilidade de incrementar do 20 % ao 30 % o valor máximo da axuda cando se distribúan produtos suxeitos a réximes de calidade recoñecidos pola Unión Europea ou produtos ecolóxicos. Para iso, axústase o anexo 11, o que asegura a coherencia interna da norma.

Finalmente, inclúense modificacións para garantir os obxectivos do programa. Así, garántese a subministración prioritaria de froitas e hortalizas frescas e leite, o que asegura que os produtos transformados son un acompañamento dos principais. Tamén se garante o cumprimento dos obxectivos establecendo a obrigaición das autoridades competentes das comunidades autónomas de elaborar un informe de avaliación sobre a aplicación no seu territorio deste programa, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Educación e Formación Profesional poderán facer tamén unha avaliación en cómputo nacional.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de información pública e adécuase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; aos principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; ao principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e ao principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, introducindo nun instrumento normativo de igual rango as modificacións precisas na regulación anterior. Polo demais, a norma é coherente cos

principios de eficiencia, en canto que asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, asegurando ao propio tempo o desenvolvemento adecuado deste importante programa, e transparencia ao se ter garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite.*

O Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite, queda modificado como segue:

Un. A alínea d) do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«d) Solicitante de axuda: aquel provedor de produtos ou servizos e os centros escolares que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 8, 9 e 11.»

Dous. O número 2 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para efectos da elaboración e mantemento convenientemente actualizado da Estratexia nacional, as comunidades autónomas prepararán unha memoria conforme o modelo de intercambio de datos que se recolle no anexo I e remitirana, con carácter xeral, antes do 1 de marzo que preceda a cada curso escolar cuberto pola estratexia, á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, co fin de asegurar que a información que se incorporará na Estratexia nacional se axusta aos regulamentos da Unión Europea.»

Tres. Os números 3, 5 e 7 do artigo 4 quedan redactados da seguinte forma:

«3. A axuda da Unión Europea destinarase preferentemente á distribución dos grupos de produtos recollidos no número 1, e será preceptiva a distribución de produtos do número 1 para poder distribuír os produtos do número 2.»

«5. Os límites máximos de sal e graxas engadidos autorizados pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) estarán dispoñibles no sitio web https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programa_escolar/normativa_de_aplicacion.aspx»

«7. Os queixos poderán conter, como máximo, un 10 % de ingredientes non lácteos.»

Catro. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. O valor máximo aplicable ao produto en euros/kg para a subministración e distribución, incluídos os custos de loxística e repartición, será o establecido no anexo II. Non obstante, dada a gran dispersión xeográfica dalgúns centros escolares do territorio nacional, cando as rutas de distribución supoñan máis de 350 quilómetros poderase complementar o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg para cubrir gastos extra de transporte, tal e como se establece no anexo II. Polo mesmo motivo, no caso do transporte marítimo dos alimentos que se distribuirán entre as illas será aplicable un único suplemento de 0,1083 €/kg, recollido no anexo II.

Os valores previstos no anexo II, excepto os gastos extra de transporte, poderanse incrementar ata un máximo do 30 % para produtos avalados por réximes de calidade recoñecidos pola Unión Europea, establecidos no Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, e no Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, ou dos réximes de calidade a que se refire o artigo 16.1, alíneas b) e c), do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

Para os produtos distribuídos aos centros escolares da Comunidade Autónoma de Extremadura, así como daquelas outras comunidades autónomas que nun futuro puideren ser consideradas rexións menos desenvolvidas de acordo co anexo I da Decisión de execución da Comisión, do 18 de febreiro de 2014, que establece a lista de rexións que poden recibir financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo, e dos Estados membros que poden recibir financiamento do Fondo de Cohesión durante o período 2014-2020, o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg recollido no anexo II poderase incrementar ata un 20 %.

No caso da Comunidade Autónoma de Canarias, debido á súa condición de rexión ultraperiférica, o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg recollido no anexo II poderase incrementar ata un 25 %.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 7, as comunidades autónomas poderán complementar o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg con fondos propios.»

Cinco. O artigo 6 substitúese polo seguinte:

«Artigo 6. *Axuda da Unión para medidas educativas de acompañamento e outros gastos conexos.*

1. Tamén serán financiáveis mediante axuda da Unión Europea as seguintes actividades:

- a) medidas educativas de acompañamento, e
- b) custos de equipamento, de publicidade, de seguimento e de avaliación do programa escolar.

2. Para seren subvencionables, as medidas educativas de acompañamento deberán estar directamente orientadas á consecución dos obxectivos xerais do programa escolar, en concreto a:

- a) Aumentar, a curto e longo prazo, o consumo dos produtos obxecto do programa escolar e reconectar os nenos coa agricultura e coa alimentación
- b) Promover hábitos e condutas saudables vinculados ao consumo dos ditos produtos nos alumnos dos centros escolares, así como á promoción doutros hábitos saudables como a actividade física.

Como obxectivos complementarios, estas medidas estarán orientadas a incrementar o coñecemento por parte dos alumnos abordando outros temas conexos, como as cadeas alimentarias locais, a agricultura ecolóxica, a produción sustentable ou a loita contra o desperdicio de alimentos.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas en que estean situados os centros nos cales se vaian desenvolver as medidas de acompañamento serán as encargadas do seu deseño. Nas medidas educativas

de acompañamento asegurarse a promoción da alimentación e dos estilos de vida saudables segundo as recomendacións das institucións sanitarias nacionais e internacionais.

Non obstante, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional, coa Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e coas comunidades autónomas, así como os axentes que realicen a subministración e distribución de produtos, poderán igualmente desenvolver medidas educativas de acompañamento do programa escolar, incluída a produción de materiais e a súa posta á disposición dos órganos competentes das comunidades autónomas e dos centros escolares. A AESAN revisará a adecuación das medidas educativas de acompañamento á promoción da alimentación e estilos de vida saudables previstas neste parágrafo segundo as recomendacións das institucións sanitarias nacionais e internacionais.

As ditas medidas deseñaranse e desenvolveranse sobre a base das recomendacións elaboradas polo Grupo nacional de expertos en medidas de acompañamento, creado en virtude das directrices da Comisión Europea ao respecto, que conta entre os seus membros con asesores vinculados cos sectores educativo e sanitario. As recomendacións do Grupo nacional de expertos son de acceso público no sitio web https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programa_escolar/normativa_de_aplicacion.aspx.

4. De maneira complementaria aos produtos previstos no artigo 4, as medidas educativas de acompañamento poderán incluír a distribución para a súa degustación doutros produtos agrícolas nacionais, como aceite de oliva, olivas de mesa sen carabuña e mel. Neste caso será preceptiva a participación da AESAN na súa elaboración.

5. A axuda da Unión Europea ás actividades recollidas nas alíneas a) e b) do número 1 estará limitada, respectivamente, ao 15 % e ao 10 % da cantidade asignada a cada comunidade autónoma pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, de acordo co previsto no número 1 do anexo IV.»

Seis. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Solicitantes de axuda para a subministración e a distribución de produtos e/ou a realización das medidas de acompañamento.*

1. A axuda para a subministración e distribución de produtos e/ou a realización das medidas de acompañamento solicitarana os provedores destes que estean interesados na participación no programa escolar.

2. As comunidades autónomas poderán determinar que a axuda poida ser solicitada por centros escolares.

3. As comunidades autónomas tamén poderán ter a consideración de provedores para os centros escolares do seu ámbito territorial e xestionar directamente a subministración e distribución dos produtos.

No caso de que a contratación da subministración e distribución se realice mediante procedementos de contratación pública, non será necesaria a subscripción previa dos compromisos a que se refire o anexo III, excepto os números 8 e 9 sempre que se inclúan nas condicións de participación no dito procedemento.

No caso de que a contratación para realizar as medidas de acompañamento se realice mediante procedementos de contratación pública, non será necesaria a subscripción previa dos compromisos a que se refire o anexo III, excepto os números 1 e 2 sempre que se inclúan nas condicións de participación no dito procedemento.»

Sete. O artigo 9 substitúese polo seguinte:

«Artigo 9. *Procedemento para a subministración e a distribución de produtos e/ou a realización das medidas de acompañamento.*

1. As comunidades autónomas establecerán os períodos de subministración e calendarios de distribución, así como disposicións relativas ás categorías e ás calidades dos produtos que se vaian distribuír en centros escolares do seu ámbito territorial, e calquera outro requisito respecto aos grupos obxectivo e centros escolares, sempre que sexan acordes coa Estratexia nacional.

As comunidades autónomas igualmente serán as competentes para establecer as disposicións preceptivas para o desenvolvemento das medidas de acompañamento no seu territorio.

2. Os interesados previstos no artigo 8 que queiran participar deberán presentar unha solicitude de axuda ante o órgano competente da comunidade autónoma onde estean situados os centros escolares en que se pretenda executar a subministración e distribución dos produtos e/ou medidas de acompañamento. Coa solicitude de axuda xuntarase a documentación que estableza a comunidade autónoma, así como un compromiso de acordo co modelo establecido no anexo III. A presentación realizarase a través de calquera dos rexistros e medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, antes da data fixada polo órgano competente.

3. As comunidades autónomas serán as competentes para examinar e resolver as solicitudes de participación na distribución dos produtos e/ou na realización das medidas de acompañamento no seu territorio.

4. As comunidades autónomas comunicarán ao Fondo Español de Garantía Agraria O.A. (FEGA) por vía electrónica a relación definitiva dos solicitantes autorizados que van participar no réxime de axuda no seu ámbito territorial para ese curso escolar. O FEGA encargárase de manter unha lista única actualizada de solicitantes autorizados na súa páxina web.

5. As comunidades autónomas deberán comunicar ao FEGA as incidencias no menor prazo posible e este organismo encargárase de trasladar esta información ao resto de comunidades autónomas para os efectos que procedan.»

Oito. O artigo 10 substitúese polo seguinte:

«Artigo 10. *Procedemento para o pagamento da axuda para a distribución de produto.*

1. Os solicitantes deberán presentar as solicitudes de pagamento ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se realizase a distribución nun prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao do final do período de subministración que establece cada comunidade autónoma de acordo co artigo 9.1.

2. Como mínimo, as solicitudes de pagamento relativas á subministración e á distribución de produtos incluírán a seguinte información:

- a) As cantidades de produto distribuídas por grupos de produto.
- b) O nome e o enderezo do centro escolar ou a autoridade educativa a quen se distribuíu o produto.
- c) O número de nenos matriculados ao comezo do curso escolar nos centros escolares que vaian recibir os produtos incluídos no programa escolar no período cuberto pola solicitude de axuda.

3. As comunidades autónomas determinarán os documentos exhibibles para pagar a axuda, que se poderá realizar a través de:

- a) Xustificantes presentados polos beneficiarios.

Deberanse ter en conta os valores máximos por produto, de maneira que a axuda concedida se baseará no menor dos dous importes. Neste caso, xunto coa

solicitud de pagamento, será necesaria a presentación dun recibo ou factura das cantidades de produtos efectivamente subministradas ou distribuídas.

b) Baremos estándar de custos unitarios.

O método de cálculo utilizado para a súa determinación deberá ser xusto, equitativo e verificable, baseado:

- 1.º En datos estatísticos ou outra información obxectiva; ou
- 2.º Nos datos históricos verificados de beneficiarios concretos; ou
- 3.º Na aplicación das prácticas habituais de contabilidade de custos dos distintos beneficiarios.

Os importes declarados nas solicitudes de axuda deberán estar avalados por probas alternativas que mostren que os produtos foron distribuídos ou subministrados.

4. Se o prazo de presentación da solicitud de pagamento establecido no número 1 se supera, a axuda verase reducida como se indica a continuación:

- a) Un 5 %, se o prazo se supera entre 1 a 30 días naturais.
- b) Un 10 %, se o prazo se supera entre 31 a 60 días naturais.
- c) Se se supera o prazo en máis de 60 días naturais, a axuda reducirase ademais nun 1 % por cada día adicional, calculado sobre o saldo restante.

5. As autoridades competentes deberán emitir unha resolución e realizar o pagamento no prazo máximo de tres meses contados a partir do día de presentación da solicitud de pagamento válida e completa, a menos que se iniciasen investigacións administrativas.»

Nove. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Financiamento das medidas de acompañamento e outros gastos conexos.*

1. O desenvolvemento de medidas educativas de acompañamento e as actividades de seguimento, avaliación e/ou publicidade poderán ser obxecto de financiamento da Unión Europea no marco do programa escolar.

2. As comunidades autónomas e, de ser o caso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como os provedores de produto ou calquera outra empresa ou entidade que autoricen as autoridades competentes nas comunidades autónomas, poderán ser os solicitantes de axuda para as actividades previstas no número 1 que se desenvolvan e que cumpran cos requisitos establecidos na lexislación da Unión Europea.

3. Para obter o financiamento da Unión Europea, as autoridades competentes ou, de ser o caso, o FEGA, se as ditas accións foron obxecto de contratación pública por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, deberán dispor de probas que demostren a entrega dos materiais e servizos prestados xunto cun recibo ou proba de pagamento ou equivalente, así como probas documentais que conteñan unha desagregación financeira por actividades e datos dos custos correspondentes.»

Dez. Os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 13 quedan modificados como segue:

«1. Co fin de que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poida presentar ás autoridades da Unión Europea a solicitud de axuda para o Reino de España establecida no artigo 3 do Regulamento de execución (UE) 2017/39, as comunidades autónomas deberán remitir á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, como moi tarde o 20 de decembro do ano anterior ao inicio de cada curso escolar, información sobre os fondos da Unión Europea necesarios para desenvolver o

programa escolar na súa comunidade autónoma para o seguinte curso escolar, de acordo co modelo establecido no anexo IV.

2. Así mesmo, para dar cumprimento ao artigo 3.b.ii do Regulamento de execución (UE) 2017/39 e garantir o máximo aproveitamento dos fondos da Unión Europea, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, como moi tarde o 20 de decembro do ano escolar en curso, de acordo co anexo IV, as cantidades de axuda que non vaian ser utilizadas no dito curso, para a súa reasignación.

3. Unha vez coñecidas as necesidades de fondos no ámbito nacional, en caso de que sexa necesario realizar transferencias de fondos entre os dous programas escolares segundo o previsto no artigo 23 bis.4 do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, por riba do límite do 25 % marcado no dito artigo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en particular a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, axustará as cantidades solicitadas polas comunidades autónomas a través do anexo IV ás porcentaxes regulamentariamente establecidas.

4. Os criterios para repartir os fondos, incluídos os resultantes da aplicación dos números anteriores, así como para a reasignación destes, serán acordados no seo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.»

Once. O artigo 17 substitúese polo seguinte:

«Artigo 17. *Deber de colaboración e comunicación.*

As autoridades competentes das comunidades autónomas en que estean situados os centros nos cales se vaia desenvolver o programa serán as encargadas de realizar un informe de avaliación da aplicación no seu territorio, correspondente ao período de execución que cubra os cinco primeiros cursos escolares da Estratexia nacional. Non obstante, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional, a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, e as comunidades autónomas, deberá realizar a avaliación do programa escolar no conxunto do territorio nacional.

En aplicación dos artigos 8 e 13 do Regulamento de execución (UE) 2017/39 e para efectos de comunicar os datos previstos do artigo 9 do Regulamento delegado (UE) 2017/40, e sen prexuízo da forma e contido que a Comisión Europea defina para estas comunicacións, as comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe anual de seguimento do programa escolar de acordo co modelo establecido no anexo V, como moi tarde o 20 de decembro seguinte á finalización do curso escolar obxecto do informe.

No que respecta á información sobre os controis sobre o terreo efectuados e as conclusións correspondentes, indicados no artigo 9.4 do Regulamento delegado (UE) 2017/40, as comunidades autónomas deberán remitila ao Fondo Español de Garantía Agraria como moi tarde o 30 de setembro do ano seguinte ao da finalización do curso escolar de que se trata, de acordo cos modelos postos á disposición pola Comisión.»

Doce. Os anexos II ao V substitúense polos seguintes:

«ANEXO II

Valor máximo aplicable ao produto en €/kg

A) *Froitas e verduras*

Produto	Valor máximo aplicable ao produto en €/kg
Acelga.	2,03
Allo.	4,12

Produto	Valor máximo aplicable ao produto en €/kg
Albaricoques	3,70
Alcachofa	2,57
Apio	1,56
Berenxenas	2,25
Brócoli	2,28
Cabaciña	1,88
Cabaza	1,88
Caqui	2,25
Cebola	1,27
Cereixa	4,74
Champiñón	3,39
Ameixa	2,69
Coliflores	1,67
Escarola	2,33
Espárrago	5,45
Espinaca	2,36
Amorodo/Amorodo grande	3,75
Froitas de casca (castaña, améndoa, abelá...) *	10,59
Froitas tropicais (aguacate, chirimoi, mango, papaia e outros produtos tropicais non indicados especificamente neste anexo)	2,62
Froitas vermellos (framboesa, arandos, grosella...)	12,87
Granada	2,70
Faba verde	2,96
Híbridos de pequenos cítricos	2,07
Figo fresco	4,38
Feixón verde	3,92
Kiwi	2,99
Leituga	2,59
Limóns	2,20
Mandarinas	2,72
Mazás	1,88
Pexegos	2,41
Melóns	2,99
Nabo	3,23
Laranxas	1,98
Nectarinas	2,56
Néspera	3,92
Paraguaia	2,97
Cogombro	2,05
Peras	2,19
Pemento	2,44
Plátano	2,45
Porro	2,31
Repolo/Col	1,72
Sandías	1,16
Tomates (1 de xuño-31 de outubro)	1,20
Tomates (1 de nov.-31 de maio)	2,37
Tomate <i>cherry</i>	3,52
Uvas	3,23
Cenoria	1,86

* Non está permitida a distribución de cacahuete

Produto	Valor máximo aplicable ao produto en €/kg
Froitas IV gama	9,31
Hortalizas IV gama	9,5
Sopas/Cremas de hortalizas	2,87
Zume de hortalizas	2,75
Zumes de froita espremida	1,95
Zumes de froita procedentes de concentrados	1,53

B) *Leite e produtos lácteos*

Produto	Valor máximo aplicable ao produto en €/l
Leite tratado termicamente (pasteurizado)	1,3
Leite tratado termicamente (os demais)	1,34
Leite tratado termicamente. Sen lactosa	1,36
Queixo fresco	7,34
Outros queixos	9,04
Callada, iogur e outros produtos lácteos fermentados ou acidificados, sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao	3,07

D) *Transporte*

Traxecto total da ruta de distribución	Axuda complementaria para gastos de transporte (€/kg)
Máis de 350 km, pero menos de 500 km	0,0726
Máis de 500 km, pero menos de 750 km	0,0953
Máis de 750 km	0,1083
Suplemento por transporte frigorífico	0,0085
Suplemento único por transporte marítimo	0,1083

ANEXO III

**Contido mínimo dos compromisos dos solicitantes de axuda
no Programa escolar**

Declaración pertencente a (márquese o que proceda)

Provedor de produtos/servizos	
Centro escolar	

Nome ou razón social do solicitante		NIF	
Teléfono		Fax	
Domicilio social			
Localidade		Provincia	Código postal
Apelidos e nome do representante		NIF	
O representante actúa en calidade de (1):			

EXPÓN QUE SE COMPROMETE A:

1. Garantir que os produtos financiados pola Unión Europea en virtude do Programa escolar estean dispoñibles para o consumo por parte dos alumnos do centro ou centros de ensino para os cales solicitarán a axuda.
2. Reintegrar toda axuda aboada de forma indebida polas cantidades que correspondan, se se comproba que os produtos non se distribuíron aos nenos ou non poden recibir axuda da Unión Europea.
3. Pór os documentos xustificativos á disposición das autoridades competentes, cando estas o soliciten.
4. Permitir á autoridade competente realizar todos os controis necesarios, como a comprobación dos rexistros e a inspección física.
5. Levar un rexistro dos nomes e enderezos dos centros escolares ou, de ser o caso, das autoridades educativas que os reciban e dos produtos e cantidades vendidos ou subministrados.
6. Garantir que a axuda da Unión se reflicta no prezo a que se facilitan os produtos aos centros escolares.
7. Respetar en todo caso os límites máximos de sal e graxa engadidos autorizados pola AESAN.
8. Utilizar a axuda asignada para medidas educativas de acompañamento, seguimento, avaliación e publicidade de acordo cos obxectivos do programa escolar.
9. Reintegrar toda axuda aboada de forma indebida para medidas educativas de acompañamento, seguimento, avaliación e publicidade, se se comproba que as ditas medidas ou actividades non se aplicaron de forma correcta.

DECLARA QUE:

Dispón de capacidade e medios suficientes para realizar a distribución cos requisitos fixados pola comunidade autónoma en que realice a distribución.

SOLICITA:

A aprobación para participar no Programa escolar e realizar a distribución de produtos/servizos (*rísquese o que non proceda*), ata o punto de entrega establecido pola comunidade autónoma, aos nenos de centros escolares do ámbito territorial que corresponda.

_____, _____ de _____ de 20__

O (1) _____

Asdo.: _____

(1) Presidente, director, xerente, etc.

ANEXO IV

Información sobre os fondos solicitados polas comunidades autónomas

Curso escolar:...../.....

Solicitud inicial/ modificación¹:

Comunidade Autónoma:.....

1. Fondos para a subministración e distribución² dos produtos

Solicitante	Froita e verdura nas escolas		Leite nas escolas	
	Frescos	Transformados	Frescos	Transformados
	Provedor (artigo 8.1)			
Centro escolar (excepción artigo 8.2)				
Comunidade Autónoma (artigo 8.3)				
Total parcial				
Total				

2. Fondos para medidas de acompañamento e gastos conexos

Medidas de acompañamento (máximo 15 % do total de axuda comunitaria asignada ás CC.AA.)			
	Froita e verdura nas escolas	Leite nas escolas	Total
Axuda UE			
Axuda CC.AA.			
Fondos públicos			
Fondos privados			
Comentarios			

¹ Rísquese a que non proceda.² Incluídos os custos de adquisición, alugamento ou arrendamento financeiro de equipamentos utilizados na subministración e distribución dos produtos

Publicidade, seguimento e avaliación (máximo 10 % do total de axuda comunitaria asignadas ás CC.AA.)			
	Froita e verdura nas escolas	Leite nas escolas	Total
Axuda UE			
Axuda CC.AA.			
Fondos públicos			
Fondos privados			
Comentarios			

3. Produtos para distribuír:

Froitas e hortalizas		Tipo de distribuidor		
Produto	Cantidade	Provedores	Centros escolares	CC.AA.

Leite e produtos lácteos		Tipo de distribuidor		
Produto	Cantidade	Provedores	Centros escolares	CC.AA.

4. Participantes mediante sistema de contratación³:

Actividade	Froita e verdura nas escolas	Leite nas escolas	Elementos co- múns
Subministración e distribución de produto			
Medidas de acompañamento			
Publicidade			
Seguimento e avaliación			

³ Especificívese sistema de adxudicación empregado e, cando proceda, nome do/s adxudicatario(s)

ANEXO V

Informe anual de seguimento do Programa escolar

1.1 Fondos para a subministración/distribución dos produtos (EUR)

	Fondos utilizados para a subministración/distribución dos produtos				
	Programa de froita e verdura		Programa de leite		
	Frescos	Transformados	Leite líquido e versións sen lactosa	Queixo, callada, iogur e outros produtos lácteos fermentados ou acidificados, sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao	Produtos lácteos fermentados ou non, con froita, ou zume de froitas, ou chocolate, ou aromatizados de forma natural aromatizados
	Art. 23(3)(a) do Regulamento (UE) 1308/2013	Art. 23(4)(a) do Regulamento (UE) 1308/2013	Art. 23(3)(b) do Regulamento (UE) 1308/2013	Art. 23(4)(b) do Regulamento (UE) 1308/2013	Art. 23(5), anexo V do Regulamento (UE) 1308/2013
Axuda UE					
Axuda CC.AA. (pública/privada)					
Dos cales son de orixe pública					
Dos cales son de orixe privada					
Comentarios					

1.2 Fondos para medidas de acompañamento (EUR)

	Fondos utilizados para medidas de acompañamento (EUR)		
	Programa de froita e verdura	Programa de leite	Total
Axuda UE			
Axuda CC.AA. (pública/privada)			
Dos cales son de orixe pública			
Dos cales son de orixe privada			
Comentarios			

1.3 Fondos para gastos conexos (EUR)

	Fondos utilizados para gastos conexos (EUR)		
	Programa de froita e verdura	Programa de leite	Total
Axuda UE			
Axuda CC.AA. (pública/privada)			
Dos cales son de orixe pública			
Dos cales son de orixe privada			
Comentarios			

2.1 Nenos participantes

	Nenos participantes		
	Número de nenos participantes	Número de nenos que participaron no Programa de froita e verdura	Número de nenos que participaron no Programa de leite
Gardarías/centros preescolares			
Dos cales: gardarías			
Dos cales: centros preescolares			
Centros de primaria			
Centros de secundaria			
Comentarios			

2.2 Número de nenos do grupo obxectivo establecido na estratexia

	Número de nenos do grupo obxectivo establecido na estratexia
Gardarías/centros preescolares	
Dos cales: gardarías	
Dos cales: centros preescolares	
Centros de primaria	
Centros de secundaria	
Comentarios	

2.3 Número de nenos elixibles

	Número de nenos elixibles
Gardarías/centros preescolares	
Dos cales: gardarías	
Dos cales: centros preescolares	
Centros de primaria	
Centros de secundaria	
Comentarios	

3.1 Colexios participantes

	Colexios participantes		
	Número de colexios que participan no Programa de froita e verdura e leite	Número de colexios que participan no Programa de froita e verdura	Número de colexios que participan no Programa de leite
Gardarías/centros preescolares			
Dos cales: gardarías			
Dos cales: centros preescolares			
Centros de primaria			
Centros de secundaria			
Comentarios			

3.2 Número de centros educativos obxectivo da estratexia

	Número de centros educativos obxectivo da estratexia		
	Programa de froita e verdura e leite	Programa de froita e verdura	Programa de leite
Gardarías/centros preescolares			
Dos cales: gardarías			
Dos cales: centros preescolares			
Centros de primaria			
Centros de secundaria			
Comentarios			

3.3 Número total de centros educativos

	Número total de centros educativos
Gardarías/centros preescolares	
Dos cales: gardarías	
Dos cales: centros preescolares	
Centros de primaria	
Centros de secundaria	
Comentarios	

4.1.1 Froita fresca subministrada/distribuída aos nenos e a incluída nas medidas de acompañamento

Nome de produto
...

4.1.1 Comentarios

Comentarios

4.1.2 Verdura fresca subministrada/distribuída aos nenos e a incluída nas medidas de acompañamento

Nome de produto
...

4.1.2 Comentarios

Comentarios

4.1.3 Froita e verdura transformada subministrada/distribuída aos nenos e a incluída nas medidas de acompañamento

	Seleccione o produto
Zumes de froitas	
Puré de froita/compotas	
Marmeladas	
Froitos secos	
Zumes de vexetais	

	Seleccione o produto
Sopas vexetais	
Outros: especifíquese en comentarios	

4.1.3 Comentarios

Comentarios	

4.1.4 Leite e produtos lácteos subministrado(s)/distribuído(s) aos nenos e o(s) incluído(s) nas medidas de acompañamento

Nome de produto
...

4.1.4 Comentarios

Comentarios	

4.1.5 Outros produtos agrícolas distribuídos nas medidas de acompañamento

	Seleccione o produto
Olivas de mesa sen carabuña	
Aceite de oliva	
Mel	
Outros: especifíquese en comentarios	

4.1.5 Comentarios

Comentarios	

4.1 a) Prioridades para a elección de froita, verdura e leite subministrados/distribuídos

	Si/Non	Comentarios
Local ou rexional		
Ecolóxico		
Cadeas de distribución curtas		
Esquemas de calidade		
Comercio xusto		
Outros: especifíquese en comentarios		

4.2 Tamaño medio da porción

	Programa de froita e verdura	Programa de leite
kg		
Litros		
Comentarios		

4.3 Custo medio da porción

	Programa de froita e verdura	Programa de leite
Axuda UE		
Axuda CC.AA. (pública/privada)		
Comentarios		

4.3 a) Custo medio da porción no Programa de froita e verdura

	Programa de froita e verdura
Axuda UE	
Axuda CC.AA. (pública/privada)	
Comentarios	

4.3 b) Custo medio da porción no Programa de leite

	Programa de leite
Axuda UE	
Axuda CC.AA. (pública/privada)	
Comentarios	

4.4 Frecuencia de subministración/distribución de froita, verdura e leite

	Programa de froita e verdura	Programa de leite
Unha vez/semana		
Dúas veces/semana		
Tres veces/semana		
Tres veces/semana		
Diario		
Outras: especifíquese en comentarios		
Comentarios		

4.5 Duración da subministración/distribución de froita, verdura e leite

	Programa de froita e verdura	Programa de leite
≤ 2 semanas		
> 2 e ≤ 4 semanas		
> 4 e ≤ 12 semanas		
> 12 e ≤ 24 semanas		
> 24 e ≤ 36 semanas		
Curso escolar completo		
Comentarios		

4.6.1 Cantidades de froita e verdura fresca

		Cantidade	Comentarios
Froita e verdura fresca	Cantidade en kg		
Dos cales: froita	Cantidade en kg		
Dos cales: verdura	Cantidade en kg		

4.6.2 Cantidades de froita e verdura transformada

		Cantidade	Comentarios
Froita e verdura transformada	Cantidade en kg		
	Cantidade en litros		
Dos cales: zume de froitas	Cantidade en litros		
Dos cales: puré (compota de froita)	Cantidade en kg		
Dos cales: froitos secos	Cantidade en kg		
Dos cales: zume de verduras	Cantidade en litros		
Dos cales: sopa de vexetais	Cantidade en litros		
Outros: especifíquese en comentarios	Cantidade en kg		

4.6.3 Cantidades de leite e produtos lácteos

		Cantidade	Comentarios
Leite líquido e versións sen lactosa	Cantidade en litros		
Queixo fresco	Cantidade en kg		
Outros queixos	Cantidade en kg		
logur natural	Cantidade en kg		
Callada	Cantidade en kg		
Outros produtos lácteos fermentados ou acidificados, sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao	Cantidade en kg		

4.6.4 Cantidade doutros produtos agrícolas e os incluídos nas medidas de acompañamento

		Cantidade	Comentarios
Oliva de mesa sen carabuña/aceite de oliva	Cantidade en kg		
	Cantidade en litros		
Mel	Cantidade en kg		
Outros: especifíquese en comentarios	Cantidade en kg		

5.1 Medidas de acompañamento

		Número de nenos	Comentarios
Tipo de medida	Hortos escolares		
	Visitas a granxas, explotacións, industrias frutícolas ou leiteiras, mercados agrícolas e actividades similares (especifíquese en comentarios)		
	Degustacións, obradoiros de cociña, outros (especifíquese)		
	Conferencias, obradoiros		
	Outras actividades: competicións, xogos, semanas temáticas, outros (especifíquese en comentarios)		

5.2 Temática das medidas de acompañamento

		Si/Non	Comentarios
Tema (s)	Reconectar os nenos coa agricultura		
	Hábitos alimentarios saudables		
	Cadeas de distribución locais		
	Ecoloxía		
	Producción sustentable		
	Desperdicio alimentario		
	Outros: especifíquese en comentarios		

6. Publicidade/comunicación

		Si/Non	Comentarios
Accións e ferramentas	Carteis en colexios		
	Carteis noutros lugares relevantes (especifíquese)		
	Sitio web específico		
	Material gráfico informativo		
	Campaña de información e divulgación (TV, radio, redes sociais)		
	Outros: especifíquese en comentarios		

7. Autoridades e axentes implicados

			Nome da autoridade/axente	Participa na planificación	Participa na aplicación	Participa no seguimento	Participa na avaliación	Como
Autoridades/axentes	Agricultura	Autoridade						
		Axente						
	Saúde pública	Autoridade						
		Axente						
	Educación	Autoridade						
		Axente						
	Outros	Autoridade						
		Axente						

Disposición adicional única. *Actualización das denominacións dos departamentos ministeriais.*

Con carácter xeral, as referencias que se fan ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en todo o texto do Real decreto 511/2017, do 22 de maio, entenderanse feitas, respectivamente, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e ao Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2019 e será de aplicación a partir do curso escolar 2020/21.

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES